



EMENDAS APROBADAS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABECE O REGULAMENTO ORGÁNICO DOS CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 1 de xullo de 2010, aprobou as seguintes emendas en relación co proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón que no punto 2 do artigo 7º se inclúa un novo apartado, que diga: **“e) Xefe de estudos de adultos”**. *Páxina 10, liña 6.*

2.- Para o punto 3 do artigo 10º propónse a adición do texto seguinte ao final do parágrafo: **“recoñecéndolle os mesmos dereitos a efectos laborais, administrativos e económicos”**.
Páxina 11, liña 33.

3.- No punto 4 do artigo 12º, propónse a adición do texto que figura en negriña: **“4. En caso de ausencia, doenza ou suspensión de funcións das persoas responsables dos órganos unipersoais de goberno, farase cargo temporalmente das súas funcións o profesor ou a profesora que designe a dirección do centro **xerando os mesmos dereitos a efectos laborais, económicos e administrativos**, o que se lle comunicará ao claustro de profesorado e ao consello social.** *Páxina 14, liña 12.*

4.- No apartado a) do punto 1, do artigo 14º, propónse un texto de adición ao final do parágrafo, que diga: **“recoñecéndolle os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos”**. *Páxina 16, liña 20.*

5.- No artigo 21º, punto 1, propónse a inclusión do texto que figura en negriña: **“1. Os xefes ou as xefas dos departamentos referidos no artigo 7º, serán nomeada pola dirección do centro **a proposta do departamento** o que comunicará á xefatura territorial da Administración competente”**. *Páxina 21, liña 26.*

6.- No punto 6 do artigo 21º, propónse o texto de adición ao final do parágrafo, co seguinte texto: **“que terá os mesmos dereitos a efectos laborais, administrativos e económicos”**.
Páxina 22, liña 13.

7.- O Consello Escolar de Galicia propón a supresión do apartado d) do punto 1, do artigo 22º. *Páxina 22, liña 23.*



8.- No artigo 33º, punto 4, apartado b), propónse a inclusión do texto en negra: “Deseñar a **planificación da normalización lingüística do centro con un programa anual de promoción da lingua galega para o logro dos obxectivos previstos no proxecto funcional e colaborar coa comisión encargada da redacción do proxecto lingüístico da escola**”. *Páxina 31, liña 10.*

9.- No mesmo artigo 33º, propónse a inclusión dun novo punto co seguinte texto: “**5. A administración educativa asegurará a formación permanente dos membros dos equipos, fundamentalmente no ámbito sociolingüístico**”. *Páxina 31, liña 17.*

10.- No punto 2 do artigo 35º, propónse a substitución do texto: “a proposta da xefatura da área correspondente”; polo seguinte: “**por proposta do claustro**”. *Páxina 32, liñas 8 e 9.*

11.- Para o artigo 49º, propónse a inclusión dun novo punto, co seguinte texto: “**4. O proxecto lingüístico recollerá as materias que serán impartidas en lingua galega de acordo co obxectivo de acadar competencia plena no uso da nosa lingua**”. *Páxina 42, liña 17.*

12.- Propónse un texto de adición ao final do parágrafo do punto 3, artigo 53º, co seguinte texto: “... sempre que se respecten as súas condicións laborais. **Todas as accións formativas impartidas terán que estar incluídas no horario lectivo ordinario do profesorado. Para as actividades lectivas que se poidan desenvolver fóra do horario lectivo do profesorado, estas poderán levarse a cabo impartidas por profesorado do centro con cargo as 100 horas que prevé a lexislación ou por profesorado interino**”. *Páxina 44, liña 7.*

13.- No artigo 53º, propónse a supresión do punto 4, concretamente do texto seguinte: “**Logo de aprobado o horario xeral do centro, poderá ser modificado nas condicións que a consellería competente estableza**”. *Páxina 44, liñas 8 e 9.*

O Secretario,

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.

O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés

